

Convocatoria de subvencións para a mellora de competencias dixitais do colectivo de estudantes matriculados en centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo

Finalidade e obxecto.- Axudas dirixidas aos centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo destinadas a gastos de equipamento e investimento tecnolóxico (materiais e medios de carácter non funxible e inventariables que son necesarios para o normal desenvolvemento da actividade educativa) para o desenvolvemento de coñecementos, capacidades, destrezas e habilidades en contextos e con ferramentas propias das TIC e das TAC.

Entidades beneficiarias.- Centros de ensino públicos de todos niveis educativos obrigatorios e non obrigatorios, ubicados no termo municipal de Arteixo.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a mellora de competencias dixitais do colectivo de estudantes matriculados en centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo. (Están publicadas no BOP do día 17 de xuño de 2021).

Contía.- O importe da consignación presupostaria ascende a 105.000 € con cargo á partida 320.78000 do presuposto ordinario da anualidade 2025.

Requisitos para solicitar a axuda.- Centros de ensino públicos de todos niveis educativos obrigatorios e non obrigatorios, ubicados no termo municipal de Arteixo, con ensino regrado, que cumpran os seguintes requisitos especificados na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais:

- a) Ter a condición de entidade beneficiaria para realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Atoparse na situación que fundamenta a concesión de subvención.
- c) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias (Estado, CCAA, Deputación Provincial, Concello de Arteixo e organismos relacionados) e coa Seguridade Social.
- d) Estar ao corrente no pago de obrigas de reintegro de subvencións.
- e) Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarios de subvencións, para o que se lles esixirá unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.

Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.-

- Xunta de Goberno Local: aprobación da convocatoria anual, da concesión e da xustificación

- Comisión avaliadora: valoración dos expedientes de solicitude e elevación de propostas á Xunta de Goberno Local para a aprobación de propostas de concesión e denegación.

Réxime de concesión.- Concorrencia competitiva.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables, que son os seguintes:

1. Breve resumo da evolución do proxecto Arteixo Innovación – Equipamento e inversión no centro. Ata 3 puntos.
2. Explicación do interese e relevancia do proxecto para o centro. Ata 3 puntos.
3. Obxectivos xerais e específicos do proxecto. Ata 7 puntos.
4. Avaliación do impacto do uso das TIC e das TAC no alumnado e nas súas familias e grao de implicación do centro nas accións derivadas do proxecto Arteixo Innovación – Educación estimadas para a presente anualidade. Ata 3 puntos.
5. Concreción de niveis/cursos directamente beneficiarios do proxecto durante a presente anualidade. Ata 3 puntos.
6. Información sobre número de alumnado e de profesorado (diferenciado por sexos en ambos casos) directamente implicado, así coma de calquera outro persoal externo ao centro. Ata 3 puntos.
7. Indicar se se trata de nova adquisición ou reposición ou concretar no caso de que sexa para ambas. Ata 3 puntos.
8. Nivel de cumprimento do proxecto achegado na convocatoria da anualidade anterior, de ser o caso. Ata 5 puntos.
9. Proxecto de apoio a alumnado con vulnerabilidade educativa incluído no proxecto Arteixo Innovación da anualidade actual. Ata 10 puntos.
10. Proxecto específico para alumnado con NEE (aplicacións hardware e software informático de utilidade para diferentes discapacidades; ferramentas tecnolóxicas que permitan a accesibilidade e a inclusión dixital). Ata 10 puntos.
11. Programas de promoción das accións para difusión do impacto do "Proxecto Arteixo Innovación-Educación":
 - a) Sistemas de participación en accións formativas, informativas, de intercambio, de implementación de boas prácticas, ponencias e/ou calquera outras que se poidan planificar relacionadas co obxecto da convocatoria polo Concello de Arteixo. Ata 2 puntos.
 - b) Dinamización da comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) sobre o uso dos equipamentos e inversións financiados polo Concello de Arteixo a través do proxecto Arteixo Innovación. Ata 2 puntos.
12. Porcentaxe de achega económica do centro educativo sobre o orzamento total do equipamento.
 - a) 0%: 0 puntos.

- b) 10%: 2,5 puntos.
 - c) 15%: 5 puntos.
 - d) 20%: 7,5 puntos.
 - e) 25% ou superior: 10 puntos.
13. Número de unidades do centro en funcionamento: 2 puntos por cada unidade, ata un máximo de 10 puntos.
14. Nivel de aplicación do proxecto no centro.
- a) Aulas: ata 5 puntos.
 - b) Espazos comúns tales coma biblioteca, ximnasio, salón de actos, laboratorio, etc: Ata 5 puntos.
 - c) Espazos administrativos: 1 punto.
15. Posta a disposición e uso do equipamento para o alumnado que o precise cando este estea fóra do centro. Ata 5 puntos.
16. Adquisición de equipamento para mitigar a brecha dixital e favorecer que o alumnado dispoña de equipamento en réxime de préstamo no seu domicilio. Ata 5 puntos.
17. Diagnóstico das necesidades de formación do profesorado do centro e plan de formación para atender ao desenvolvemento do proxecto. Ata 5 puntos.

Segundo a puntuación acadada, a porcentaxe de subvención a aplicar sobre o orzamento proposto pola entidade, sempre e cando exista crédito orzamentario suficiente, será a seguinte:

PUNTUACIÓN OBTIDA	PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SOBRE O PRESUPOSTO TOTAL
95-100	100%
91-94	90%
86-90	80%
76-85	70%
66-75	60%
56-65	50%
41-55	40%
31-40	30%
25-30	20%
Inferior a 25 puntos	Non se considera que se cumpriu o obxecto da subvención: 0%

No caso de que o crédito orzamentario non sexa suficiente para aplicar estas porcentaxes de subvención, estas minoraranse proporcionalmente.

Para as casuísticas non previstos nas bases reguladoras, aplicarase o estipulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións municipais e demais normativa concordante.

Prazo de presentación.- 15 días a contar desde o día seguinte a partir da publicación da convocatoria no BOP.

Prazo de resolución e notificación.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá sobrepasar os 6 meses.

Documentación e información que debe adxuntarse á solicitude: As solicitudes formularanse no modelo normalizado establecido e presentaranse no Rexistro Xeral (central ou auxiliares), a través da sede electrónica municipal ou en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, xunto coa documentación sinalada a continuación:

- a) Memoria explicativa do proxecto para o que se aplicará o equipamento e inversión que se pretenden realizar, con especificación do contido e a súa ubicación, obxectivos xerais e específicos, responsable da súa execución, número de beneficiarios e fins concretos ós que se destinarán os fondos.
- b) Presuposto detallado de gastos do equipamento/inversión para o que se solicita.
- c) Importe da subvención solicitada
- d) Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para percibir axudas públicas segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- e) Declaración relativa a outras subvencións e/ou axudas percibidas con idéntico destino.

Reformulación da solicitude.- A reformulación das solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

Prazo de xustificación da subvención.- O prazo de xustificación remata o 15 de novembro de 2025, debendo tramitarse segundo se especifica nas bases reguladoras.

Recursos.- Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

Medio de notificación ou publicación.- O acordo de concesión, deberase notificar expresamente a todos os solicitantes no prazo máximo de 2 meses, contados a

partir da data de resolución e será exposto ao público nos taboleiros de anuncios do Concello.